

## CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO E O CONSELLO DA AVOGACÍA GALEGA PARA PRESTAR UN SERVIZO DE ASESORAMENTO E ORIENTACIÓN XURÍDICA EN MATERIA DE VIVENDA

### REUNIDOS

Dunha parte, Ángeles Vázquez Mejuto, conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, en virtude da atribucións que lle confire o Decreto 112/2020, do 6 de setembro, do seu nomeamento (DOG nº 181, do 7 de setembro), na súa calidade de presidenta do Instituto Galego da Vivenda e Solo (en adiante, IGVS), segundo o artigo 4 do Decreto 97/2014, de 2 de xullo, polo que se establece a estrutura orgánica do IGVS (DOG nº 147, do 5 de agosto).

Doutra parte, Pilar López-Guerrero Vázquez, en calidade de presidenta do Consello da Avogacía Galega (en adiante, CAG), segundo a elección realizada polo Pleno do Consello da Avogacía Galega o 28 de xullo de 2021.

### MANIFESTAN

PRIMEIRO.- Que é obriga dos poderes públicos garantir o exercicio dos dereitos fundamentais recoñecidos na nosa Constitución, entre os que se atopan o dereito á defensa e á tutela xudicial efectiva, así como promover as condicións para que a liberdade e a igualdade dos individuos sexan reais e efectivas, removendo os obstáculos que impidan ou dificulten a súa plenitude.

SEGUNDO.- Que o IGVS é o organismo autónomo adscrito á Conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda encargado de realizar a política de vivenda e solo da Xunta de Galicia, co fin de garantir os dereitos constitucionais a una vivenda digna e adecuada, segundo dispón o artigo 3 da Lei 3/1988, do 27 de abril, de creación do IGVS,



podendo, para o cumprimento destes fins, establecer convenios con entes públicos ou privados.

TERCEIRO.- Que o CAG, integrado polos ilustres Colexios da Avogacía da Coruña, Ferrol, Lugo, Ourense, Pontevedra, Santiago de Compostela e Vigo, ten por finalidade agrupar e coordinar os colexios integrados nel e asumir a súa representación nas cuestións de interese común perante a Xunta de Galicia e, en xeral, ante calquera organismo, institución ou persoa, física ou xurídica, en que sexa necesario para o cumprimento dos seus fins, sen prexuízo da autonomía e competencia de cada colexio.

Conforme o artigo 5.4 dos seus estatutos, entre as súas funcións atópase a de fomentar, crear e organizar institucións, servizos e actividades en relación á profesión de avogado, que teñan por obxecto a formación e perfeccionamento profesional promoción cultural, a asistencia social e sanitaria, a previsión, a cooperación e o mutualismo, o fomento da ocupación e outras actuacións convenientes, podendo establecer, para tales fins, os concertos ou acordos máis oportunos coa Administración e as institucións ou entidades que correspondan.

Que como consecuencia do anterior, ambas entidades consideran conveniente colaborar en ofrecer aos cidadáns o asesoramento e orientación xurídica en materia de vivenda, que non estean comprendidas nas actuacións propias do servizo de asistencia xurídica gratuíta e quenda de oficio.

En virtude do anterior, as partes acordan formalizar o presente convenio de colaboración, o cal se rexerá polas seguintes

## CLÁUSULAS

PRIMEIRO.- OBXECTO.

O presente convenio ten por obxecto regular a colaboración entre o IGVS e o CAG, para os fins de crear os canles de información necesarios para procurar que persoas en situación de desamparo non perdan a súa vivenda habitual ou, no seu caso, poidan



acollese aos programas existentes en materia de acceso á vivenda, así como para posibilitar que as persoas físicas propietarias ou usufrutuarías de vivendas que sexan ocupadas ilegalmente saiban como actuar nestas situacións.

A consecución dos fins do convenio implicará o desenvolvemento das seguintes actuacións:

1º. A confección dunha guía informativa para as persoas en risco de perda da súa vivenda habitual, así como a revisión da guía informativa referida aos trámites de carácter administrativo e xudicial no ámbito relacionado cos dereitos e obrigas das persoas propietarias ou usufrutuarías de vivendas ocupadas ilegalmente.

2º. A atención ás consultas de persoas propietarias afectadas por unha intrusión non consentida nas súas vivendas, así como á persoas en situación de desamparo en risco de perda da súa vivenda habitual, de acordo co establecido nas citadas guías. Non obstante, en ningún caso se consideran incluídas dentro do obxecto de este convenio as actuacións propias do servizo de asistencia xurídica gratuíta en quenda de oficio.

3º. A realización dun informe sobre as consultas atendidas. Para estes efectos, o CAG remitirá trimestralmente ao IGVS un informe sobre as consultas atendidas, tanto en materia de perda de vivenda como de ocupación ilegal, con especificación, neste último caso, da localidade, rúa e número de vivendas ocupadas.

4º. A realización dunha campaña de difusión en medios e redes sociais dos obxectivos do presente convenio.

## SEGUNDO.- OBRIGAS DO CAG

En virtude do presente convenio, o CAG asume as seguinte obrigas:

2.1. A elaboración dunha guía informativa para as persoas en risco de perda da súa vivenda habitual e a actualización da guía informativa referida aos trámites de carácter administrativo e xudicial no ámbito relacionado cos dereitos e obrigas das persoas propietarias ou usufrutuarías de vivendas ocupadas ilegalmente. Estas guías servirán de base para a información á cidadanía e serán publicadas na súa páxina web do CAG.



2.2.- O asesoramento e orientación gratuítos á cidadanía nas seguintes materias:

2.2.1.- Asesoramento e orientación en todos aqueles aspectos referidos a trámites de carácter administrativo e xudicial no ámbito relacionado cos dereitos e obrigas das persoas en risco de perder a súa vivenda como consecuencia dun procedemento de execución hipotecaria polo impago da renda de aluguer ou por calquera outra circunstancia imprevista ou sobrevida, sempre que esta vivenda constitúa o seu domicilio habitual e permanente.

2.2.2.- Asesoramento sobre a existencia do Programa de atención ás persoas en risco de desafiuzamento, para aos efectos da posta en marcha do protocolo de actuación existente entre o dito programa e o IGVS.

2.2.3.- Asesoramento e orientación ás persoas físicas propietarias ou usufrutuarias que se vexan afectadas por intrusión non consentida en vivendas, para que saiban como actuar en esta situacións, de conformidade coa guía indicada no apartado anterior.

Os servizos de asesoramento atenderanse a través dun sistema de consultas en liña e dun número 900. O desenvolvemento das consultas en liña implicará a creación dun formulario web para ser contestado vía correo electrónico polo letrado/a de garda en 24/48 horas, así como a creación dun número 900 de información que será atendido de luns a venres, en horario de 10:00 a 14:00 horas e de 16:00 a 20:00 horas, e os sábados, de 10:00 a 14:00 horas.

A coordinación e organización deste asesoramento será a cargo do CAG e a prestación realizarase por medio de colexios da avogacía de Galicia.

2.3. A formación continua en materia de lanzamentos e desafiuzamentos, como garantía de especialización para letrados/as adscritos ao servizo e actualización da formación existente.

2.4.- A remisión ao IGVS dun informe sobre as consultas atendidas, tanto en materia de perda de vivenda como de ocupación ilegal, con especificación, neste último caso, da localidade, rúa e número de vivendas ocupadas.



2.5. A realización dunha campaña de difusión nos medios e redes sociais dos obxectivos do presente convenio.

#### TERCEIRO.- OBRIGAS DO IGVS

En virtude do presente convenio, o IGVS asume as seguinte obrigas:

3.1. Revisar as guías elaboradas polo CAG en relación as materias anteriormente sinaladas.

3.2. Poñer a disposición do CAG un correo electrónico para a remisión dos informes previstos na cláusula anterior, así os canles de información necesarios para a mellor consecución dos obxectivos do convenio.

3.3. Propoñer grupos de traballo sobre temas relacionados co obxecto do presente convenio, os cales serán creados mediante acordo da comisión de seguimento do convenio.

3.4. Realizar unha campaña de difusión en medios e redes sociais dos obxectivos do presente convenio.

#### CUARTO.- FINANCIAMENTO E XUSTIFICACIÓN DO GASTO

O IGVS achegará, para sufragar o custo das obrigacións derivadas do cumprimento deste convenio, a cantidade máxima de 50.000 euros, impostos excluídos, con cargo á aplicación orzamentaria 08.81.451A.227.99 para 2022.

O servizos prestados polo CAG, ascenderán ás seguintes cantidades:

1.- Polos servizos de asesoramento, ata un máximo de 39.000 euros. Esta cantidade desagregaranse da seguinte forma:

- Garda semanal: 750 euros x 52 semanas: 39.000 euros. Este servizo terá unha duración ata o 31 de decembro de 2022 a contar dende a data de efectos do convenio.

2. O importe restante, que ascende a 11.000 € destinarase á infraestrutura, formación, guías e difusión e distribuirase do seguinte modo:



Concepto	euros
Elaboración e revisión guías	4.000
Formación confección temario e titorías:	3.000
Infraestrutura (liña 900, aula virtual etc.)	1.300
Difusión (reprografía, redes, etc.)	2.700
Total	11.000

A xustificación pola elaboración e revisión das guías terá lugar mediante a súa entrega ao IGVS no primeiro trimestre do ano 2022.

Os servizos de asesoramento, así como resto de actuacións xustificaranse mediante a presentación da correspondente certificación de cumprimento das actividades deste convenio. O CAG realizará a xustificación do gasto, ben de xeito trimestral ou nunha única xustificación, en todo caso, antes do 29 de decembro de 2022.

De conformidade co previsto no artigo 4 da Lei 25/2013, de 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no sector público, o aboamento do gasto por parte do IGVS realizarase unha vez emitida por parte do CAG a correspondente factura electrónica.

Este expediente tramítase como anticipado de gasto ao abeiro da posibilidade prevista no artigo 1 da Orde do 11 de febreiro de 1998, que regula a tramitación anticipada de expedientes de gasto, modificada respectivamente pola Orde do 27 de novembro de 2000 e pola Orde do 25 de outubro de 2001 e queda condicionado á existencia de crédito axeitado e suficiente nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia que se aproben para o ano 2022.

#### QUINTO.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

Constitúese unha comisión de seguimento, integrada como mínimo por un representante de cada unha das partes, para a adecuada coordinación, seguimento, avaliación e cumprimento do convenio. Esta comisión reunirse a petición de calquera das partes e, polo menos, tres veces ao ano. Ante unha petición de reunión por escrito dunha das dúas partes, a mesma deberá producirse nun prazo non superior a 15 días naturais.

As funcións da comisión de seguimento serán as seguintes:

- Efectuar o seguimento do grao de cumprimento dos obxectivos do presente convenio, así como dos compromisos das partes.



- Resolver as controversias que poidan xurdir na interpretación e cumprimento do convenio.

#### SEXTA.- EFECTOS E VIXENCIA DO CONVENIO

O Convenio producirá efectos dende a súa sinatura e estenderá a súa vixencia ata o 31 de decembro de 2022.

#### SÉTIMA.- CAUSAS DE RESOLUCIÓN

Serán causas de resolución do convenio as seguintes:

- O transcurso do prazo de vixencia do convenio.
- O acordo unánime das partes asinantes, manifestado por escrito.
- A imposibilidade legal ou material de continuar co obxecto do convenio.
- O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes.

#### OITAVA.- RÉXIME XURÍDICO

O presente acordo ten carácter administrativo, rexéndose para os seus efectos polas súas cláusulas e pola Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público. Para estes efectos, non lle será de aplicación a lexislación de contratos do sector público, conforme ao disposto no artigo 6.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, sen prexuízo da aplicación supletoria dos principios da lei para resolver as dúbidas ou lagoas que se puideran presentar.

Dada a natureza xurídico pública do presente convenio, as controversias que puidesen xurdir na aplicación do convenio serán resoltas pola xurisdición contencioso administrativa.

#### NOVENA.-PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

De conformidade co establecido no artigo 14 e seguintes da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, e no artigo 29 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, os asinantes do convenio manifestan o seu consentimento para que os datos persoais que constan no presente convenio e demais especificacións contidas no mesmo poidan ser publicados no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.



As partes comprométense a tratar os datos persoais que foran postos no seu coñecemento unicamente coa finalidade e alcance de executar o establecido no presente Convenio, respectando os requisitos establecidos no Regulamento (UE) 2016/679 do parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos, en diante, RXPD) e na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, e demais normativa concordante na materia.

#### DÉCIMA.- DIVULGACIÓN DA EXISTENCIA DESTE CONVENIO

As partes poderán participar na promoción, divulgación e difusión das actividades e dos resultados obtidos coma consecuencia da execución deste convenio mediante a correspondente publicación nas súas páxinas web e demais medios de comunicación.

En proba de conformidade, asínase o presente convenio na data sinalada na sinatura electrónica.

POLO INSTITUTO GALEGO  
DA VIVENDA E SOLO

Ángeles Vázquez Mejuto

POLO CONSELLO DA AVOGACÍA GALEGA

Pilar López-Guerrero Vázquez

